

# AXUDAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DESTINADOS Á PROMOCIÓN DA MULLER

## CONVOCA

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

## OBXECTO

As axudas e subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto colaborar economicamente coas entidades de iniciativa social no financiamento dos gastos correntes e de persoal vinculados ao mantemento de centros e ao desenvolvemento de programas para mulleres e de recursos específicos para xestantes e lactantes con fillos e fillas menores de tres anos.

## BENEFICIARIOS

As entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran as obrigas e requisitos exixidos nesta resolución e que estean inscritas na área de igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

## REQUISITOS

Non poderán obter esta condición con carácter específico aquelas que resultasen adjudicatarias en exercicios anteriores de axudas deste departamento para o mesmo ou análogo programa e non cumprisen coas obrigas correspondentes, e con carácter xeral aquelas entidades nas cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable do/a interesado/a.

## ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos correntes e de persoal necesarios para a realización, integramente na Comunidade Autónoma de Galicia, dos seguintes tipos de programas:

- a) Mantemento de centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día) nos cales se ofrece asistencia básica (aloxamento, manutención) e programas de apoio ás mulleres en situación de exclusión especial.
- b) Recursos integrais específicos para mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos e/ou fillas menores de tres anos que conteñan actuacións dos tipos que se indican e semellantes:
  - De información sobre recursos existentes para elas e os seus fillos e fillas,
  - De acompañamento social con medidas de apoio psicolóxico para superación de cargas emocionais provocadas pola situación de embarazo ou maternidade,
  - De orientación, asesoramento e busca de emprego,
  - De adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal,
  - De medidas de apoio urgente.

- c) Recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social (reclusas, ex-reclusas, drogodependentes).
- d) Recursos integrais de apoio a mulleres en situación de especial protección (anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, pertencentes a minorías étnicas).
- e) Recursos integrais de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.
- f) Aqueles outros que se definan para mulleres en situación de especial discriminación ou desigualdade susceptibles de inclusión no ámbito desta resolución.

## **PRAZO**

Prazo de presentación: 20/05/2011 - 20/06/2011

## **NORMATIVA**

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (SI427A). (DOG nº 96 do 19 de maio de 2011).

## **ENLACES**

<http://www.xunta.es/Dog/Dog2011.nsf/FichaContenido/82BE?OpenDocument>